A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

“¿Quien es masón? Quien me precede en el escalofón”. Fontes documentais sobre a masoneria no Archivo General de la Guerra Civil Española de Salamanca

Manuela Santalla López

A masonería é un fenómeno histórico que esta presente constantemente ó longo destes tres últimos séculos. E sen embargo, poucos temas, se manifestan tan polémicos e controvertidos. O famoso contubernio xudeo-masónico-comunista chegou a facerse familiar se ben poucos sabían de feito o que significaba ou intentaba escamotear. A masonería convertese así nun recurso fácil sobre o que votar a culpa de todo o malo, tanto no eido político, como no relixioso, social e histórico; (Manuela Santalla, “A represión e Bóveda”, no Congreso A Galicia de Bóveda, 27-29 de novembro do 2003, Pontevedra).

O paso da masonería medieval dos constructores de catedrais, a chamada masonería operativa (onde os membros se obrigaban a ser bos cristiáns, a asistir a igrexa e a promover o amor a Deus e o próximo); á masonería moderna, a chamada masonería especulativa, pode seguirse a través de diversos documentos que permiten constatar esta transición. Entre estes, se atopa a Gran Loxia de Edimburgo, que conserva os seus arquivos completos dende o ano de 1599. O estudio desta documentación permítenos constatar como ó longo do século XVII aparecen nos procesos verbais, ó lado dos verdadeiros operarios que traballan a pedra, outros persoeiros dos que consta exercían unha profesión totalmente diferente: avogados, mercadores, cirurxiáns, etc.

Naquela época, asistían ás reunións masónicas os afeccionados á arte da construcción a título de membros honorarios, mais coñecidos có nome de “masóns aceptados”. Estes eran persoeiros da alta sociedade que patrocinaba ós gremios e lles prestaban axuda na financiación das catedrais ou mosteiros. A partir do século XVII, os masóns se dedicarán tamén a construcción de edificios profanos. Así, ó cesar a construcción das grandes catedrais, as irmandades e as loxias masónicas foron quedando en mans dos membros adoptivos, os chamados, francmasóns adoptado, é dicir, que os especulativos se impuxeron ós operativos. De aí que a organización profesional dos constructores de catedrais derivará cara outra masonería, a especulativa, que tomou corpo a partir das

Constitucións de Anderson no ano de 1723. A partir de aquí a masonería se transformou nunha institución, onde a característica era a consecución dunha finalidade ética, susceptible de propagarse por todos os pobos civilizados.

A masonería pode considerarse, dende o seu nacemento, como unha escola de formación humana, na que abandonadas as ensinanzas técnicas da construcción, se transformaba nunha asociación cosmopolita que acollía a homes diferentes por razón da lingua, a cultura, a relixión, a raza e incluso as preferencias políticas. Coincidían no seu desexo común de perfeccionarse por medio dunha simboloxía de natureza mística ou racional e da axuda ós demais través da filantropía e da educación.

Ó sentimentalismo e a filantropía uniráselles un gusto polo misterioso, unha mística da Razón, que produciría una serie de grados iniciáticos con nomes, como "caballeros de Oriente", "caballeros de la espada", "caballeros del Temple", etc.; e que explican o mito que ó seu redor se formaría, sobre todo, debido á confusión xurdida ó proliferar as sociedades secretas, e o identificarse erroneamente, ós masóns, cós iluminados bávaros, os xacobinos, carbonarios e outros grupos máis o menos secretos.

Historicamente a masonería non é un termino unívoco e se acepta a división entre a masonería anglosaxona e a masonería latina. A primeira é unha masonería que só admite como membros a varóns que cren en Deus e na inmortalidade do alma, baixo o compromiso de fidelidade sobre o libro sagrado dunha relixión.

A masonería latina, referida a Europa continental a partir do século XIX, debido as características politico-relixiosas experimentou algunhas variacións que se manifestan nun forte laicismo e anticlericalismo, chegando nalgúns casos a supresión da antiga invocación masónica " A la gloria del Gran Arquitecto del Universo".

No estado español, a masonería no século XIX, se identifica ou confunde coas sociedades secretas (comunería, sociedades patrióticas, os reformadores, iluministas, etc..), onde militares e políticos van a conspirar dende a clandestinidade contra o absolutismo.

No último tercio do século XIX, a masonería española e por suposto, a galega, sufrirá unha profunda crise tras as enérxicas campañas realizadas dende o catolicismo español có apoio do goberno Cánovas, achacándolles entre outras cousas, ó estar complicados nos movementos independentistas de Cuba e Filipinas. Nestes anos se asiste a aspiración histórica de secularizar a vida. As novas leis regulan o dereito de asociación (1887), a liberdade de imprenta ou a tolerancia relixiosa que permiten a reorganización do pensamento liberal ó redor de sociedades de librepensadores, ateneos, sindicatos e por suposto, da masonería.

Ó mesmo tempo, os detentadores tradicionais do poder, como a igrexa, non se resignan a compartilo cos novos participantes. Así na Galicia de principios do século XX, o enfrentamento laicista/ clericalista é maioritariamente rural, cunha explotación da terra marcada polo minifundio e as rendas forais. Neste contexto a aldea é o ámbito de cohesión social e nelas o papel da igrexa é fundamental; a pesar de que a entidade xurídico-administrativa era o municipio, na realidade é secundario e a demarcación efectiva será a parroquia, o que amosa o poder do estamento clerical. Coa emigración a Ultramar e a chegada das remesas dos emigrados, se producirá unha transformación da propiedade da terra, desaparecendo o sistema foral. Os emigrantes galegos retornados traen unha nova realidade política, republicana e laica, moitas veces producto do seu achegamento as loxias masónicas ultramarinas. (A masonería galega na emigración, é de destacar que a mesma Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega, instituída en 1905 na Habana polo masón e ferrolán Xosé Fontela Leal, simbólico "Murguía", o primeiro presidente fora Manuel Curros Enríquez, igualmente masón).

Será a partir de 1907, cando en Tui, Vigo, Ferrol e sobre todo, na Coruña se reinicie a masonería galega, tendo un gran auxe baixo a dictadura de Primo de Rivera e a II República. Destacarán figuras republicanas e da intelectualidade galega, como Casares Quiroga, Gerardo Abad Conde, Alfredo Somoza, Manuel Lugrís Freire, etc. En canto as filiacións políticas destes masóns, hai que sinalar o dominio do republicanismo: partido republicano radical e a "izquierda republicana", mais alonxados os socialistas. Socioprofesionalmente destacase unha tendencia cara a proletarización, onde un proletariado cualificado e politicamente moi concienciado, ira dominando os chamados "cadros lóxicos" dos diversos talleres na etapa republicana. Entre os masóns destacados deste período estarían: Benjamín Balboa López, Matías Usero Torrente, Ramón Beade Méndez, Camilo Díaz Valiño, Arturo Cuadrado Moure, Lauréano Santiso Girón, Jesús Parrado Bahamonde, Amancio Caamaño Cimadevila, José Echevarría Novoa, etc.

Nun principio a militarada do 18 de xullo do 36 ía dirixida contra a "bolchevización" que non a "masonización" da situación de España tralo triunfo da Frente Popular. No aparecían prohibicións referenciadas a masonería. En 1935, o xeneral Franco, xefe do estado maior central do exército, fixera pública a súa fobia persoal pola masonería. O primeiro decreto antimasónico da España sublevada, elaborado en Canarias, foi o do 15 de setembro de 1936 a pesar da directa oposición do presidente Cabanellas, recoñecido masón.

Cando Franco sexa elixido comandante en xefe da citada Xunta de Defensa, voltará a manifestar a sua fobia persoal polo hieramismo. A orde do 10 de xaneiro de 1937, firmada polo home de confianza de Franco, o xeneral Fidel Dávila, se ampliaba ou especificaba mellor o contemplado no decreto nº 108, volvendo agora a xogar coa ambigüedad en relación á orde do "Gran Arquitecto do Universo".

A fobia persoal de Francisco Franco cara a masonería lévano a publicar unha serie de artigos no periódico falanxista "Arriba", atacando á masonería "que se había confabulado con el comunismo para destruír España". Os artigos de Franco, firmados baixo o pseudónimo de Jakim Boor, foron recompilados nun libro que se publicou no ano de 1952.

Dende maio de 1937, a creada Delegación de Asuntos Especiales, dependente exclusivamente de súa secretaría xeral, recopilaba e catalogaba por expedientes persoais e por logias, todas as informaciones contidas na documentación masónica que desde o 18 de xullo do 36 se requisará en todas as poboacións que paulatinamente as súas tropas foron incorporando á "zona nacional".

Os primeiro paso lexislativo antimasónico da España nacional vai a ser o decreto do 21 de decembro de 1938, polo que ordenaba que todos os símbolos de carácter masónico fosen destruídos e quitados de todos os cemiterios da zona nacional nun prazo de dous meses. A esta prohibición sobre a existencia de símbolos masónicos nos cemiterios, lle sucedería a Lei de Responsabilidades políticas do 9 de febreiro de 1939, en realidade a 3º e última fase de aquel decreto nº 108, onde despois da enumeración de partidos e asociacións fora da lei, en vez de deixar o discurso na ambiguedade do indefinido, se incluían tamén como proscritas, as loxias masonicas. Despois entraría en vigor a Lei da Xefatura do Estado para a represión da masonería, comunismo e demais sociedades clandestinas, do 1º de marzo de 1940.

En Galicia, dendo os primeiros días da Guerra Civil, a represión levada a cabo contra a diversas organizacións da Frente Popular, identificadas coa masonería vai ter lugar moi cedo.

O Archivo General de la Guerra Civil Española (AGC), de Salamanca, foi creado por Real Decreto 426/1999 de 12 de marzo, tomando como núcleo documental o existente na Sección Guerra Civil do Arquivo Histórico Nacional, coa finalidade de "reunir, conservar y disponer" dos seus fondos documentais para a investigación, a cultura e a información. Dita Sección creouse por orden do Ministerio de Cultura de maio de 1979, pola que se dispuxo a adscrición deses fondos ó Arquivo Histórico Nacional, formando no mesmo unha División independente.

A orixe deste fondo esta en que unha vez iniciada a Guerra Civil, os sublevados tiñan unha gran idea da transcendencia que podía ter a recollida dos documentos de todo tipo producidos polo inimigo para a loita contra o mesmo. Serían especialmente útiles na tarefa de controlar o territorio, asegurar o dominio no mesmo mediante a identificación dos desafectos, preparar o camiño para o avance en territorios republicanos e incluso, para sentar as bases do seu goberno en canto á represión e a propaganda.

Así, a relación entra a documentación masónica e aqueles que a acumularon, creou unha situación realmente peculiar, pois supuxo o cambio de sentido da primeira. Pasou a ser documentación antimasónica tralo seu axeitado tratamento. E dicir, esta documentación non sen transformou nun mero deposito ou almacén de referencias ou antecedentes dos cidadáns, senón que conformou novos expedientes con finalidades diferentes, maioritariamente represivas.

Dende o inicio da guerra foi patente a utilización da masonería como un dos elementos recurrentes nas ideas expostas polo bando nacional. A masonería, causa de todo tipo de males, aliada con xudeos e marxistas, identificada coa República, era ademais inimiga da igrexa e contraria ó movemento nacional. De aí a importancia de loitar contra ela.

Nos primeiros meses da guerra a tarefa da recollida de documentación era algo que non se facía sistematicamente. Para solucionar este problema en abril de 1937 se creou a "Oficina de investigación y Propaganda Anticomunista", dependente da secretaría xeral do xefe do estado, á que se lle encargou recoller, analizar e catalogar todo tipo de materias de propaganda na zona ocupada e por ocupar, tarefa na que as autoridades civís e militares debían dar todo o seu apoio.

Se inicia este recollida de documentación en Vizcaya, e en xuño do 37, que se enviou a oficina central de Salamanca, co obxecto de analizar, clasificar e catalogar, "con fines policíacos, creación de ficheiros de sociedades secretas e dos seus afiliados", é dicir, a intención dende un primeiro momento nó a da contrapropaganda, senón dunha labor policial e informativa. Coa toma de Bilbao por parte dos nacionais en xullo do 37, se organizou a "Recuperación de Documentos", con equipas que entraban ás poboacións recollendo todo tipo de materiais, que remitían a Salamanca, especialmente aqueles que podían ser utilizados para obter os antecedentes politico-sociais; participando nesta tarefa, as equipas de recuperación dos documentos como o persoal da Oficina de Investigación y Propaganda Anticomunista. Nese ano de 1937, así mesmo se creará a Delegación de Asuntos Especiais,

nomeando como delegado, o responsable da recollida de documentación de Bilbao, Marcelino de Ulibarri y Eguilaz, mais tarde ascendido xefe da "Delegación do estado para a recuperación del documento", creado en 1938, baixo a dependencia do ministerio do interior. A partir do ano de 1944 se unificaron os diversos servicios baixo a denominación de "Delegación Nacional de Servicios Documentais", quedando encadrados estes arquivos, dependentes da Presidencia do goberno e conformando coa documentación masónica a chamada Sección Especial.

Neste contexto, diversas foron as instancias que se ocuparon de facilitar a labor represiva e o control dos "enemigos de la patria"; dende os tribunais ata as comisión de depuración, pero a Sección Especial se centrou nunha: o "Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo". Tratábase dunha xurisdicción especial baixo a dependencia da presidencia do goberno, creada pola lei antimasónica de 1940 para sancionar a masonería, e o primeiro presidente foi Marcelino de Ulibarri.

Para a represión contra os masóns identificados, se estimou de especial interese contar coa súa propia documentación, o que explica a súa recollida de forma sistemática. No transcurso da guerra, a equipa nomeada para este efectos compuxo un voluminoso "índice" de 80.000 individuos sospeitoso de pertencer á masonería e elo a pesar de que os masóns españois no pasaban no ano de 1936 de 6.000. As fichas dos así encausados servirían mais tarde para aplicar a Lei para a represión da masonería e do comunismo de 1940.

En resumen a documentación referente a masonería (e outras organizacións da Fronte Popular) no Archivo General de la Guerra Civil Española de Salamanca, se atopa en dous fondos: o da citada Delegación Nacional de Servicios Documentais, que se divide en dúas seccións: a Especial e a Político-social. O segundo grupo de fondos corresponden con aqueles ingresados no arquivo por compra ou donación.

Delegación Nacional de Servicios Documentais.
Comprende dúas seccións: a Especial e Político-social

.

- Sección Especial (a veces chamada, "Sección masónica" ou "Arquivo masónico"). Agrupa os fondos procedentes da primitiva Delegación de Asuntos Especiais creada en 1937, que en 1944 se integraron na Delegación Nacional de Servicios Documentais y a partir de 1958 nos Servicios Documentais de Presidencia de Goberno, ata o ano de 1977 en que pasaron o ministerio de Cultura. É dicir, recolle toda a documentación

incautada as institucións masónicas e a que se elaborou sobre as mesmas. Se estructura en tres tipos de expendientes informativos: persoais, de loxias e de asuntos. Como instrumentos de control e descrición conta con: ficheiro xeral masónico, libros rexistro de masóns; libros rexistros de expedientes; ficheiro de loxias e asuntos e Índice de asuntos da sección especial.

- Sección Político-social, de maior volume que a anterior, conserva a documentación recollida en todo tipo de institucións e organizacións republicanas, estructurándose por la zona ou provincia de procedencia. O Tribunal especial para a represión da masonería e o comunismo, constitúe o segundo fondo documental referente á masonería existente no Archivo Histórico Nacional de Salamanca. Si a sección especial tiña como finalidade tanto o estudio da masonería como a represión da mesma, neste Tribunal se estudia sobre todo, a represión xeral trala Guerra civil e os aparatos policiais e informativos creados polos vencedores. O Tribunal especial para a represión da masonería e o comunismo, foi creado en 1940 e o seu primeiro presidente foi Marcelino de Ulibarri. Aínda que a súa sede se fixou en Madrid, comezou a funcionar en Salamanca, nun oficina provisional, dentro da Delegación de Asuntos Especiais. O seu funcionamento estaba ligado á Sección Especial, pois era esta a que proporcionaba a maior parte dos datos en forma de informes sobre os que se asentaban as acusacións sobre os que se elaboraban os procesos.

O segundo grupo de fondos dos que destacamos que foron ingresado no arquivo por compra ou doazón, teñen un gran interese. Entre eles se atopan: os da Federación Española de Deportados e Internados Políticos; o Archivo del Comisario General de la Flota Republicana; o Exilo Español en Argentina, Fuentes Orales (entre elas, El exilio Español en México e a Brigada Internacional Abraham Lincoln); o Archivo del Exilio Filosófico Español en México; coleccións fotográficas, como as de Rober Capa, Deschamps, Kati Horna ou Maio; a Liga de mutilados, inválidos y viudas de la guerra de España en Francia, etc.